

PROBAS DE CARÁCTER ESPECÍFICO PARA O ACCESO ÁS ENSEÑANZAS DE TÉCNICOS DEPORTIVOS DA ESPECIALIDADE DE BALONMÁN

PROBAS DE CARÁCTER ESPECÍFICO

As probas estarán compostas de dúas partes:

PRIMEIRA PARTE

Avaliación das destrezas motrices específicas dos xestos técnicos básicos do balonmán

A persoa aspirante terá que realizar, sobre un campo de balonmán, un percorrido cun trazado establecido polo tribunal nun tempo igualmente sinalado por este. O percorrido estará composto polas seguintes tarefas:

- Correr sen balón. En zigzag, entre seis obstáculos (bandeirolas ou postes). Non se poden derribar máis de dúas referencias.
- Lanzar e recibir cinco veces o balón a unha referencia situada a uns tres metros de distancia (parede, panel..). Non se pode perder o control do balón.
- Correr en zigzag entre seis obstáculos (bandeirolas ou postes) botando o balón. Non se pode derribar máis dunha referencia ou perder o balón.
- Pasar o balón a un compañeiro, efectuar un desmarque por detrás dun obstáculo (bandeirola ou poste) e recibir de novo o balón. Non se pode perder o balón máis dunha vez.
- Correr botando o balón e efectuar un lanzamento a porta entre as liñas de golpe franco e portería. Non se pode perder o balón máis dunha vez, cometer algunha falta técnica (dobre, pasos, pisar a área.....) ou fallar o tiro a porta.
- Desde un lugar determinado, realizar desprazamentos defensivos específicos de balonmán (basculación) cara á dereita, cara á esquerda, cara adiante e cara atrás para tocar as referencias (conos, postes, bandeirolas...) situadas a tres metros do punto de partida. Non se pode derribar máis dunha referencia.
- Correr en liña recta sobre unha distancia de 20 metros.

SEGUNDA PARTE

Avaliación do coñecemento e comprensión do xogo

A persoa aspirante deberá xogar un partido de balonmán durante 10 minutos, con catro xogadores de campo e un porteiro en cada equipo, participando nunha situación simulada de xogo << 4 contra 4 >> e aplicando as súas habilidades técnicas e seu coñecemento e capacidade de comprensión dos principios e fundamentos do xogo do balonmán.

Condutas:

- Participa activamente do xogo.
- Utiliza estratexias de cooperación e de oposición durante o xogo.
- Pasa e recibe o balón, progresando cara á portería contraria.
- Desmárcase e apoia ao xogador do balón en diferentes espazos.
- Oponse activamente ás accións dos atacantes.
- Mostra actitudes positivas para defender e recuperar o balón.